

Cultura e diferenza.

Visita ao zoológico do discurso político (non dean de comer á extrema dereita)

Samuel Solleiro

Vai para dez, doce anos que gocei dos meus primeiros momentos de navegación libre, é dicir, de balde, por Internet. Na altura parecíame interesante o trebello para confirmar a existencia de cousas das que oíra falar moitas veces pero non estaban (acaso por fortuna) accesíbeis á experiencia dun estudante galego de secundaria. Entre elas estaba a extrema dereita. Fascinábame ver toda aquela parafernalia nazi e tranquilizábame tamén na medida en que representaba todo o que eu non era e nunca sería. Aquelas esvásticas marcaban, en certo modo, a fronteira da abxección. Hai cousa dun mes volvíñ aproximarme a ese ámbito¹ e descubrín que, malia aumentar tanto neste tempo a cantidade de información na rede, xa non existía². A extrema

¹ Acababa de ver o filme *L'avocat de la terreur* (Barbet Schroeder, 2007) e procuraba, por pura curiosidade, claves para entender a confluencia aparentemente coherente, no discurso do avogado Jacques Vergès, do anticolonialismo, o nazismo e a esquerda radical dos anos 70: o caso é que, como se verá, están accesíbeis bastantes máis claves das que eu esperaba ou desexaba atopar.

² A excepción de pequenas illas nostáxicas, case todas no ámbito anglosaxón, tipo <www.bloodandhonour.com>, etc.

dereita é un monstro necesario e non podía ser que toda ela estivese militando na democracia cristiá. Onde estaba? Para dicilo dunha vez: atopeina en posicións moi próximas ás da esquerda antisistema. É dicir, mantendo un discurso radicalmente antiimperialista, militando na alterglobalización e no ecoloxismo, denunciando a manipulación dos medios e apoiando as súas argumentacións en autores que tiña eu por patrimonio da esquerda: Noam Chomsky, Naomi Klein, Cornelius Castoriadis, Régis Debray, Michel Collon e moitos máis³. De onde vén esa dereita de nova xeración, qué procura, por que e como se debería evitar a súa confluencia coa esquerda⁴ (sen perder de vista que a

³ Aforrarei eu espazo en descrições inacabábeis se a leitora interesada ou minimamente curiosa gasta dez minutos en botar unha ollada a unhas poucas páxinas. Poñamos as seguintes (ao azar; pódese continuar a procura mediante as respectivas ligazóns): <3via.eu>, <www.egaliteetreconciliation.fr>, <rebellion.hautetfort.com>, <labanderanegra.comli.com>, <frentenegro.tk>, <sozrev-m.info>, <www.geostrategie.com>, <attackthesystem.com>, <www.anti-imperialisme.com>, <zentropa.info>. Vale, suficiente. Pensemos nisto como un xogo: por que as páxinas que veñen de ver son de extrema dereita? A primeira vista non é doado de adiviñar: teñen unha pinta estraña, apenas iso. Un exame máis detido das ligazóns e os apartados que inclúen, e unha breve análise dalgúns elementos dispostos de forma extravagante (tantas veces a palabra «nacional» xunta ao campo semántico da revolución soa raro, non?) espertan as sospeitas. E apenas o tratamento esporádico de temas como os dereitos das mulleres, o aborto, a homosexualidade ou a inmigración, así como unha insistencia un tanto histórica nos males do sionismo, dan a pista definitiva para confirmar que, en efecto, de esquerda non son.

⁴ Para isto hai a resposta fácil e a difícil. A fácil é de tradición liberal e é que os extremos se tocan, por iso esquerda e dereita, se son consecuentes, están chamadas a confundirse. A resposta que se procura, porén, é a que pode xurdir desde a propia esquerda e, por conta que lle ten, sempre será difícil.

dereita neoliberal e tecnocrática é, evidentemente, o problema maior), son a grandes trazos o que se vai tratar de expor a seguir.

Vaia por diante que a procura dunha xenealoxía lineal para esta dereita vai ser infrutuosa e finalmente falsa: as causas, como as de todo, son múltiples e de signos insospeitábeis, e tanto se pode dicir que é herdeira do fascismo como da web 2.0, da crise económica, da independencia de Alxeria ou de Claude Lévi-Strauss. Non é esa a cuestión. Mais sería imprudente non marcar un precedente intelectual relevante na figura do escritor francés Alain de Benoist⁵, polo menos como representante máis destacado dunha corrente de pensamento, nada a fins dos 60 no seo do GRECE (*Groupement de recherche et d'études pour la civilisation européenne*) e coñecida a nivel mediático como *Nouvelle droite*, que sentou as bases para a construción dunha dereita posmoderna rupturista coa dereita anterior. De Benoist fundamentaba a súa ideoloxía nun relativismo cultural absoluto que impugnaba a noción xudeocristiá de igualitarismo, cara ao liberalismo e ao marxismo, e substituíaa pola reivindicación do *dereito á diferenza*. Esta reivindicación foina matizando cos anos, desde unha defensa explícita das desigualdades, mesmo biolóxicas, até formas parecidas ás do internacionalismo socialista⁶ que se fundamentan nunha *tercei-*

⁵ Ten páxina web con bastantes textos para a descarga: <www.alaindebenoist.com>. Tamén pode ser interesante consultar as entrevistas que lle fixo Sánchez Dragó en Telemadrid, dispoñíbel en Youtube. Figuras como a do propio Dragó son interesantes de pensar á sombra de De Benoist por motivos que despois se entenderán, e eventos interideolóxicos deste señor como a célebre entrevista con Méndez Ferrín parecerán sen dúbida moito menos extraterrestres.

⁶ Entendo que a mudanza entre unha posición e outra está na posibilidade de que as culturas (entendidas sempre como todos pechados) non puidesen, ou si, comunicarse entre si. A caída da

ra vía⁷ (nin de esquerda, nin de dereita)⁸ que os pobos de Europa deberían compartir co Terceiro Mundo⁹. Porén o ámbito de auténtica innovación de De Benoist non foi tanto o ideolóxico como o estratéxico. En efecto, a idea era aportar á dereita política unhas inqedanzas intelectuais que foran, até a altura, patrimonio exclusivo da esquerda, até o punto de que esta se podía permitir ler e reapropiarse de autores ou ideas asociados á dereita mentres que o exercicio oposto era impensábel¹⁰. Forzando este exercicio, conseguíriase que a dereita, ou certa dereita, pasase a ocupar a posición hexemónica no campo cultural¹¹, se ben a ruptura coa dereita «tradicional» era tan grande

URSS e a consolidación dos EUA como hiperpotencia puido facer necesario este diálogo de culturas, no razoamento de De Benoist, como única posibilidade de contestación ao xa único representante mundial da «ideoloxía igualitaria»: o capitalismo.

⁷ Expresión común nas tendencias políticas que se teñen por profundamente orixinais. Así e todo cómpre non confundir esta terceira vía coa de Tony Blair nin, nobreza obriga, coa de Rosa Díez.

⁸ Retrouso que no 99% dos casos se pode traducir por «de dereita».

⁹ É interesante ver como esta tendencia de pensamento mantivo e mantén a toda costa o concepto de Terceiro Mundo malia ter sido tan impugnado (entre as mellores impugnacións que coñezo, a de Aijaz Ahmad en 1987, que se pode consultar en <www.maclester.edu/internationalstudies/Ahmad-JameonsRhetoricOtherness.pdf>).

¹⁰ O libro de De Benoist que funcionou como manifesto programático desta corrente, *Les idées à l'endroit* (1979), explicita esta intencionalidade xa desde a introdución. Un aviso: Alain de Benoist non é Heidegger, pero tampouco é Vizcaíno Casas. Eu *recomendo* á leitora maior de idade que segure ben os aneis nos dedos e lea *Les idées à l'endroit* (hai tradución española: *La nueva derecha*, Barcelona: Planeta-IEE, 1982).

¹¹ De feito, o autor básico para a dimensión estratéxica de De Benoist en *Les idées à l'endroit* é Gramsci (si, si, Gramsci), como Nietzsche o era para a dimensión ideolóxica. Este tipo de referencias abriron

que De Benoist recoñecía (pero isto tamén era parte da estratexia) que empregaba a etiqueta «dereita» como podía ter empregado calquera outra, e porque no ámbito intelectual estaba vacante.

As derivas desta *Nouvelle droite* como tal movemento, se algunha vez foi tal cousa, non se poden resumir aquí: digamos apenas que entre os 70 e a actualidade houbo profundas reformulacións¹² por parte de diferentes autores, moitas veces á procura de argumentos para impugnar o sistema na súa totalidade sen ultrapasar os mínimos da corrección política en cada década (xa que tal cousa suporía unha perda de lexitimidade); houbo divisións, matices e diferentes políticas respecto da extrema dereita «hexemónica» francesa: o Front National e as múltiples agrupacións que o conforman; houbo a firme vontade de traspasar as fronteiras estatais, tendo en conta que a propia natureza da *Nouvelle droite* era de corte paneuropeo, e así tanto en Italia como en Alemaña, no Estado español e nomeadamente en Rusia houbo ou hai tentativas de fundar os seus propios movementos de

aos autores do GRECE as portas á consideración como, cando menos, dignos interlocutores, dunha parte da intelectualidade francesa (de Georges Dumézil a Norbert Elias, de Edgar Morin aos autores do ámbito da *Revue du MAUSS* [Alain Caillé, Serge Latouche]). Alain de Benoist rebenta, así, a caracterización que facía Bourdieu do intelectual de dereita no capítulo «Posición ambigua dos intelectuais conservadores» (*O campo literario*, Ames: Laiovento, 2004: 35-39). Mesmo se, hai que recoñecelo, o Nietzsche de *Les idées à l'endroit* é unha caricatura spengleriana e o Gramsci, un Gramsci de wikipedia, perdón, de Pequeno Larousse.

¹² Toda a traxectoria intelectual de De Benoist e o GRECE até comezos dos 90 pódese seguir con detalle no libro de Pierre-André Taguieff *Sur la Nouvelle droite* (París: Descartes & Cie, 1994). Máis útil aínda (pola perspectiva que lle permiten tomar o tempo e a distancia) é o recente *La Nueva derecha. Cuarenta años de agitación metapolítica* de Diego Luis Sanromán (Madrid: CIS, 2008).

«superación» da fenda entre a esquerda e a dereita¹³. A día de hoxe pode dicirse, segundo os autores especializados, que a *Nouvelle droite* en si está en horas baixas como axente do campo intelectual pero ao mesmo tempo (e quen sabe se isto foi causa do anterior) as ideas que aportou ao debate político cobraron unha certa popularidade, entre as bases da extrema dereita cando menos, de xeito que se observa no discurso destas bases un desprazamento xeralizado dunha postura profundamente *incorrecta* cara a uns postulados teóricos moito máis aptos, en aparencia, para o debate público. Porén, se anteriormente partidos como o propio FN se apropiaran de argumentos neodereitistas, como o dereito á diferenza, a modo de eslogan¹⁴, a viraxe destes colectivos emerxentes entendo que é *completa*. Non se adoptan eslogans senón os propios argumentos, imaxino que máis ou menos sinceramente, e aplícanse directamente ás cuestións prácticas. Por este motivo, dada a importancia da loita contra o capitalismo nos argumentos de De Benoist e os seus acólitos, un dos ámbitos prioritarios dos novos movementos de dereita radical son os colectivos alter ou antiglobalización, e ao ter promovido a *Nouvelle*

¹³ Tendo en conta os trazos propios da vida política de cada país: no Estado español, por exemplo, a dereita tivo tradicionalmente certas características case inamovíbeis, como o catolicismo ou a idea da nación española, difíciles de mobilizar para a defensa do paganismo ou o proxecto federal europeísta que defenden os franceses (todo un capítulo do citado libro de Sanromán está dedicado á recepción destas ideas no Estado español [op. cit.: 312-368]). En Rusia, á súa vez, a *Nouvelle droite* foi seguida con interese na medida en que aportaba argumentos intelectuais a movementos como o nacional-bolxevique (unha especie de proposta, menos marxinal do que semellaría, de suposta síntese entre aspectos económicos do comunismo soviético e políticos do nacionalsocialismo).

¹⁴ Mesmo por parte dos seus membros menos proclives á deriva neodereitista, como o propio Jean-Marie Le Pen.

droite (como boa parte da esquerda, por outra banda) unha lectura do mundo en clave xeopolítica¹⁵, moitas das páxinas web que se mencionaron antes procuran xogar o papel de auténticos portais de información internacional¹⁶. Todo isto, unido a unha proclamada tolerancia por apoiar propostas do signo que sexa, por moito que a opinión pública as clasifique na esquerda¹⁷, outorgan unha voz de natureza

¹⁵ De influencia claramente schmittiana, é dicir, diferenciando claramente e por motivos estratéxicos estados *amigos* e *inimigos*, nun intento de pensar a partir da política e non da economía.

¹⁶ Exercicio para o que bastantes destes portais recuperan a idea de «Eurasia», ou «Eurosiberia» (é dicir, a posibel alianza entre estados europeos, Rusia, Oriente Medio, eventualmente China e basicamente calquera país do mundo con diferenzas políticas respecto dos EUA) por oposición ao «atlantismo» capitalista. Mais o «bloque atlántico» é máis ou menos politicamente homoxéneo (a cabeza nos EUA, o corazón en Israel) e no «eurasiático» caben proxectos políticos tan diferentes como os de Venezuela, Irán, Rusia, Serbia ou Palestina, que supostamente colaborarían entre si co ánimo de manteren a pluralidade política (o dereito á diferenza) e non na procura dun proxecto político común. Ademais, nesta visión do mundo é curioso que apenas aos países de Europa occidental se lles recoñeza unha certa heteroxeneidade política: en efecto, pódese incluír Francia ou Alemaña (ambos países integrados na OTAN) no «bloque euroasiático» en función de que neles habería cidadáns disconformes que encontrarían normal faceren parte dese bloque, pero se falamos de Irán, Irán é Mahmud Ahmadiyad e punto final: nos casos extraeuropeos equipárase o «pobo» co estado e co proxecto político vixente nel sen posibilidade de escapatoria (porque calquera inconformismo en Irán, como todo o mundo sabe, só pode estar financiado pola CIA). A realidade, por fortuna ou por desgraza, é ben máis complexa.

¹⁷ Sorpréndase a lectora se bota unha ollada ao blogue persoal dun tal Diego Urioste, un activista español bastante implicado nestes movementos: <www.urioste.eu>. O amigo Urioste fai convivir alegremente nas súas ligazóns desde a Radio Bandiera Nera, radio on-line fascista italiana (<www.radiobandieranera.org>) até

moi difícil de detectar. Máis aínda se, como comeza a acontecer, os colectivos aplican a estratexia da gratuidade dos termos e comezan a utilizar sen pudor a palabra «esquerda»¹⁸ ou se, aproveitando unha mancha de temas comúns coa extrema esquerda para os que se ofrecen análises parecidas (moitas veces porque se len os mesmos autores) comezan a utilizar os mesmos foros que esta¹⁹.

Reaparecen as preguntas: cal é, logo, o perigo da fusión entre a esquerda e a dereita se esta parece disposta a asumir as premisas

o proxecto Caosmosis da Universidade Invisíbel (<caosmosis.acracia.net>) e desde o colectivo Consume Hasta Morir (<www.consumehastamorir.com>) até a web do escritor negacionista Israel Shamir (<www.israelshamir.net>).

¹⁸ Ten particular interese o texto «El partido posible, ¿la nueva izquierda?» de Laureano Luna, un antigo membro de CEDADE e Democracia Nacional, onde se presentan as bases para a creación dun partido autodenominado de esquerda (o PDS, que non me consta que se chegase a crear, nin me importa) desde a extrema dereita. O carácter de documento de traballo que ten este artigo tórnao, ao meu xuízo, moi interesante porque se explicita a recuperación dos sectores de esquerda como unha estratexia. Pódese consultar en <www.laemboscadura.arrakis.es/luna2004/tendencias6.pdf>.

¹⁹ É o caso, entre moitos outros, do portal español de noticias Rebelión (<www.rebellion.org>), que malia manter unha liña indubidabelmente á esquerda, inclúe por veces artigos cuxa procedencia é dubidosa como, precisamente, os asinados polo antes citado Diego Urioste. Outros foros de referencia para a esquerda deron un paso máis e son absolutamente coincidentes coas preocupacións da dereita, case sempre ao prezo de mudanzas drásticas na directiva: a destacar a Rede Voltaire (<www.voltairenet.org>), dirixida por Thierry Meyssan, autor de libros conspiracionistas que pretenden demostrar que o 11-S foi unha montaxe. Tamén revistas como *El Viejo Topo* dan voz a Jorge Verstrynge, que por suposto nunca foi de esquerda. Máis adiante volverei sobre este señor e o seu célebre informe sobre a inmigración.

daquela e a compartir a maior parte dos espazos de acción? Por que dicir que os movementos de dereita son parásitos dos de esquerda e non que os de esquerda absorben os de dereita? Que importa todo isto se no fondo non se está a falar dunha dereita (tampouco dunha esquerda, madia leva) maioritaria, con posibilidades electorais nin unha base social significativa? E tamén: escribir sobre estes movementos, recoñecer a súa existencia, non lles fai o xogo, en certo modo? Non sería mellor facer como se non existisen?

Se se pensa localmente, en efecto, seguramente nada disto importe demasiado. Pénseno como curiosidade pintoresca da política internacional²⁰. Pero pensen tamén que en contextos como o francés onde a vida política é, cando menos, complexa (o cruce entre familias políticas, as cuestións identitarias derivadas da colonización e as súas correspondencias na política exterior, así como un interese popular polos asuntos políticos superior ao que temos aquí²¹, dificultan o posicionamento nun simple eixo esquerda-dereita mesmo dos participantes nun debate na televisión), estas ideas poden filtrarse, previa simplificación-espectacularización-frivolización, a unha base social máis ampla²². Respeito a facer ver que este achegamento entre

²⁰ En efecto, na Galiza ou non se encontra unha converxencia similar, ou está tan agochada que eu non a sei ver. Onde se podería procurar? No interese pola figura de Rafa Cuíña en certos sectores do BNG? No apoio dun fantasmal MSR-Galicia a asociacións veciñais de corte racista como a do Ventorrillo? Na absorción de Identidade Galega polo Partido Galeguista? Na suposta amizade entre Fraga Iribarne e Fidel Castro? País.

²¹ Poden sequera imaxinar a Gayoso pronunciando a palabra «sionismo»?

²² O exemplo máis célebre acaso sexa o do humorista Dieudonné, implicado en política desde finais dos 90, que pasou desde a esquerda e a militancia na causa antiescravista a frecuentar certos

os discursos de dereita e de esquerda non existe, tampouco creo que sexa a opción máis axeitada, na medida en que un debate como este pode contribuír a un sempre necesario repensamento da esquerda. Se unha repugnancia xeralizada pola extrema dereita (mesmo se é unha repugnancia cómoda e inducida polo cinema de Hollywood, o que queiran) pode contribuír á procura constante de argumentos para distanciarse dun horizonte de bandeiras negras e populismo acrítico ao que iría abocada unha esquerda pagada de si, benvida sexa.

Agora ben, creo que ese distanciamento da extrema dereita debe tomar unha cousa en consideración: así como para a súa identificación hai que fuxir da pantasma temporal da teleoloxía, como fica dito, tamén cómpre fuxir da pantasma espacial das teorías da conspiración. Que ninguén se engane, estamos a falar de *tendencias* de pen-

sectores do FN e participar, nas eleccións europeas de 2009, no Parti Antisioniste (xunta ao escritor do FN Alain Soral, fundador do *think tank* Égalité et Réconciliation, refuxio de quen no FN non ven con tan malos ollos o Islam, e outras persoas ligadas, na súa maioría, á esquerda e á extrema dereita). Calquera nova relacionada con Dieudonné (por exemplo os vídeos en Youtube nos que convida ao escenario o historiador negacionista Robert Faurisson e reclama liberdade de expresión para el) fai correr a tinta como unha nova sobre reintegracionismo en Vieiros. En efecto, o espectro político francés a certo nivel parece estar máis polarizado arredor da fenda musulmáns-xudeus (ou, en menor medida, negros-xudeus) que arredor das cuestións, por exemplo, económicas. Pénsese, a estes efectos, nas proclamas do activista etnodiferencialista Kémi Seba, do Mouvement des Damnés de l'Impérialisme, pola guerra entre razas e a paz entre clases. Estes antagonismos ingobernábais serían, para Chantal Mouffe, o fruto do abandono da dimensión conflitiva na política do consenso que impón a democracia liberal: a necesidade social do conflito pasa así do campo estritamente político, onde é produtivo, ao das identidades esenciais, moito máis perigoso (*Política agonística en un mundo multipolar*, Barcelona: CIDOB, 2010).

samento que eventualmente se poden pór de moda, non de ningún escuro complot neonazi para sementar o mal. A un preocúpalle o que lle preocupa e procura as respostas que pode. Socioloxicamente, iso é todo. Acontece que a propia dinámica da web 2.0 é conspirativa se non se anda con ollo. Existir en Internet xa é existir²³. Calquera pode citar ou enlazar a calquera, e desde o momento en que se perde o pudor, como o perdeu a *Nouvelle droite* respecto da esquerda, é obvio que o vai facer. Encontrar a Ignacio Ramonet e *Le Monde Diplomatique* citados constantemente en webs de extrema dereita non debe facer pensar que simpaticen con ela²⁴. Comezar a ver inimigos entre todas as persoas que apoien unha causa en concreto é o triunfo dos que non apoian ningunha, e penso que é ben máis produtivo acougar e deixar a práctica da paranoia para a dereita (non me digan que o uso constante de sintagmas como «o lobby xudeu» ou «a mon-taxe do 11-S» non é paranoico).

O necesario repudio das conspiracións é xa unha das claves do afastamento que cumpriría explotar. Outra podería ser a atención ao que *hai*, para ben ou para mal, antes de pensar (ou mentres se pensa)

²³ Nun artigo crítico cuxa referencia non tiven a precaución de reter alguén preguntábase, apuntando moi alto pero sen dar respostas, quen financia estes colectivos. A que financiamento se refire? Aos 30 euros ao ano que costa manter unha web? Evidentemente, estas sospeitas sobredimensionan o problema e están fóra de lugar.

²⁴ Ao mellor si cuestionar a pertinencia dunha esquerda cimentada en boa medida na estratexia xeopolítica dos estados e menos nas cuestións sociais (Ramonet podería probar sorte no risk), pero máis nada. As afinidades que dan as ligazóns das webs non son afinidades de verdade igual que os amigos do Facebook non son amigos de verdade. E un non escolle onde quere aparecer. Unha vez Xosé Carlos Caneiro falou ben dun servidor na súa columna. A isto me refiro, no fondo. E que fago, mátoo?

no que *debería haber*. Con isto refírome ao perigo de asumir posicións apriorísticas nos debates concretos. Pensar nos procesos migratorios como consecuencia dos mercados transnacionais está moi ben, igual que asumir, como se fai noutros ámbitos, que a existencia da prostitución é parte constitutiva da estrutura patriarcal. Mais se eses discursos globalizantes, abstractos, se poñen sistematicamente por diante dunha situación que, mal que a un lle pese, se dá *de facto*, e funcionan na práctica como dispositivos de exclusión (social ou xurídica) dos migrantes²⁵ ou de negación dos dereitos laborais das traballadoras sexuais, a visión verticalízase até extremos insoportábeis. Que os movementos emerxentes de extrema dereita coincidan coa esquerda a grandes trazos nas cuestións macropolíticas pero diverxan á hora de falar de migracións, homosexualidade ou dereitos das mulleres non significa que eses ámbitos sexan insignificantes illas que, como dereita que son, lles costa aínda admitir pero antes ou despois serán razoábeis: é que son estruturais ao seu razoamento de base. Se un se fixa, é precisamente nos ámbitos locais, nos que afectan á convivencia entre as persoas e á vida de todos os días, nos que o pensamento de esquerda e o de dereita se afastan completamente. Pero entón, de que serve a converxencia?

²⁵ Que é exactamente o que propón o mencionado *Informe Verstrynge* sobre a inmigración, amparado nunha visión pretendidamente de esquerda. Se unhas poucas referencias populistas e abstractas á clase traballadora fan que algo sexa de esquerda, serao. Pero se a negación da cidadanía ás persoas, a separación estrita entre *nós* e *eles*, o pretexto de que a convivencia con *eles* conduce en calquera caso a brotes racistas e a insistencia (sen probas) en que o racismo é inherente á especie humana non fan que algo que parecía de esquerda se convirte en extrema dereita, entón é que o repensamento da esquerda é especialmente urxente. O artigo foi publicado no n° 237 da revista *El Viejo Topo* (outubro de 2007).

Unha terceira clave é o rexeitamento de todo proxecto, veña de onde veña, que se basee na existencia de culturas como espazos definidos e *preexistentes á súa identificación como tales*. A retórica da exclusión baséase desde hai uns cantos anos xa na diferenciación (non na xerarquía) entre culturas (non entre razas biolóxicas)²⁶. Que o discurso do dereito á diferenza se centre exclusivamente nas comunidades culturais, asóciense estas coa «nación», o «pobo» ou a construción político-identitaria que se queira, é o que hai de «dereita» no dereito en cuestión. O relativismo cultural absoluto, en efecto, non é tan absoluto como pensa se non asume a propia diferenza tamén como relativa, e a esquerda, en calquera caso, debería impugnar, entre tantos outros, o propio debate universalismo-relativismo²⁷, que eu lembro da clase de filosofía de 3º de BUP. No caso das migracións, por exemplo, entre unha asimilación cultural (o modelo francés de toda a vida, que coincide coa postura universalista) e unha asimilación xurídica, hai unha enorme diferenza. Segundo Sandro Mezzadra, «pensar ao mesmo tempo igualdade e diferenza conduce a redefinir o sentido dos dous conceptos e, dalgún xeito, a pór en discusión a oposición mesma entre inclusión e exclusión»²⁸. Unha forza política

²⁶ Un texto fundamental para desenmascarar esta estratexia (data de 1995 pero é perfectamente asumibel hoxe en día, malia non contemplar, obviamente, a difusión do fenómeno através de Internet) é o artigo de Verena Stolcke «Taking Culture. New Boundaries, New Rhetorics of Exclusion in Europe» (en *Current Anthropology* 36 (1), 1995: 1-24). Pódese consultar unha versión resumida (e traducida) en <www.unesco.org/issj/rics/159/stolckespa.html>.

²⁷ Mamá ou papá, café ou sobremesa, etc. Ver, por exemplo, Manuel Delgado, «Dinámicas identitarias y espacios públicos» en *Revista CIDOB d'afers internacionals*, 43-44, 1998.

²⁸ *Derecho de fuga. Migraciones, ciudadanía y globalización*, Madrid: Traficantes de sueños, 2005, p. 29. Versionado meu.

que centre o seu traballo en reforzar esa oposición, optando pola inclusión no caso liberal ou pola exclusión no caso das tendencias «culturalistas»²⁹, é o que eu chamaría, en ambos casos, unha forza de dereita.

Obsérvese, xa para rematar, que este último argumento deixa no mesmo bando o liberalismo e a extrema dereita, fronte á esquerda. Acaso este desprazamento deba ser a ferramenta fundamental (retórica pero tamén cognitiva) a empregar para desparasitar a esquerda. O traballo co binomio inclusión-exclusión e o exame da problemática das migracións como punto de arranque do razoamento pode resultar seguramente útil³⁰. Unha esquerda antisistema non paranoica, sólida e flexíbel á vez, ten que desenvolver a capacidade de identificar serenamente unha extrema dereita que, na súa última manifestación, fixo algunhas escollas temáticas³¹ inusuais que poden dar a sensación de que os seus intereses están próximos, cando estabamos afeitos a que a extrema dereita marcasse sempre o límite, en todos os ámbitos, do socialmente aceptábel³². Pero é fundamental asumir que

²⁹ Por empregar a expresión de Robert Trenkle nesta interesante entrevista: <www.krisis.org/2005/los-llamados-valores-occidentales-son-solamente-el-otro-lado-del-culturalismo#more-532>

³⁰ É unha das ideas do citado traballo de Mezzadra, relacionar como *dúas fases dun mesmo movemento* a importancia das migracións na economía transnacional e as respostas, no fondo estruturais ao sistema, aportadas pola retórica da exclusión tal e como a esgrime a extrema dereita (*op. cit.*: 47-49).

³¹ E verbais, e icónicas, etc.

³² «Durante anos utilizouse a extrema dereita como espantallo para unir as distintas compoñentes do sistema», en palabras (certas) do mesmísimo Ernesto Milá (en Manuel Vázquez Montalbán, *Mis almuerzos con gente inquietante*, Madrid: diario *Público*, 2009; p. 211).

a extrema dereita máis perigosa non vén de Sirius nin de Auschwitz senón de dentro: é o lado escuro, canceroso, dunha esquerda que non se osixena. Esquerda, naturalmente, e o mesmísimo Alain de Benoist daríame a razón aquí, non é máis ca unha palabra calquera que se vén usando desde a Revolución Francesa para orientarse nunha maré de ideas dispersas e que vai mudando en función das circunstancias. Após a Revolución derivou para desprenderse da ideoloxía burguesa. Nos anos 60 do século XX deu todo tipo de reviravoltas para se distanciar do estalinismo. Hoxe toca repregarse nos conceptos outra vez e varrer un que é inapreixábel e tan amplo que resulta inútil e moi perigoso para a política: cultura³³.

³³ Xa saben: saquen o revólver cando escoiten esta palabra.